

**Competencia lectora.** UNHA PUBLIRREPORTAXE**Campo Lameiro:
unha viaxe no tempo**

Soñaches algunha vez que inventabas unha máquina do tempo e que viaxabas cara adiante e cara atrás pola historia, do pasado ao futuro e viceversa? Ao futuro aínda non te podemos levar pero, no que respecta ao pasado, non é necesario que continúes soñando. Ven a Campo Lameiro e fai realidade os teus soños!

Río e montaña

Na marxe dereita do río Lérez atópase o **pintoresco** municipio pontevedrés de Campo Lameiro, formado por seis parroquias: O Campo, O Couso, Fragas, Moimenta, Montes e Morillas.

Situado a dous pasos da autoestrada que une Santiago con Pontevedra, este municipio limita cos concellos de Moraña, ao oeste; Cuntis, ao norte; A Estrada e Cerdedo, ao leste; e Cotobade, ao sur. O relevo desta zona é accidentado. Nas súas montañas pódense atopar mandas de cabalos salvaxes e, nos fértiles vales que rega o Lérez, unha **exuberante** vexetación. Trátase dun territorio cunha importante área de caza e pesca.



Recreación dun poboado da Idade de Bronce.

SABER MÁIS

Hai textos que explican dunha maneira detallada como é algún produto, algunha empresa, algún lugar, etc., non só coa intención de informar da súa existencia, senón tamén co obxectivo de convencer o lector para que compre ese produto, para que se asocie a esa empresa ou institución, para que visite ese lugar, etc. Este tipo de textos denominanse publlirreportaxes e adoitan ir acompañados de fotografías que axudan a facer atractivo o tema sobre o que se fala.

Terra da prehistoria

Os restos arqueolóxicos conservados en Campo Lameiro dan conta de que foi ocupado xa nunha época moi antiga, que se remonta aproximadamente ao ano 3200 a. C. Isto fai que o municipio sexa considerado a «capital da arte rupestre galega» debido, entre outras cousas, a petróglifos –gravados sobre laxes ao aire libre, de misteriosos motivos xeométricos, figuras **zoomorfas**...– como os de Penalba, Paredes, Pedra da Boulosa e Campo de Matabois, e aos diversos castros conservados, entre eles o de Penalba, un dos máis antigos de Galicia.

Trátase, pois, dun espazo onde vive, a carón do presente, un pasado cargado de simbolismo, feito de **sepulcros megalíticos**, petróglifos e castros creados polos nosos antepasados no Neolítico e nas Idades de Bronce e de Ferro.

